

Unidade 12. Debate

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Sinala o suxeito (vermello) e o predicado (azul) das seguintes oracións e rodea os núcleos de ambos.

- O avó di que o xamón está salgado.
- Estrela estuda Medicina en Santiago de Compostela.
- Mañá xogarei ao balonmán co meu curmán Manuel.
- Sara baila moi ben a muiñeira.
- O tío Filipe escribiu unha carta aos meus avós.
- Preparamos unha cea moi rica.

2. Sinala o CD (vermello), o CI (azul) e o CC (verde) nas oracións seguintes.

- Escribín unha carta para á miña irmá onte pola tarde.
- No forno do Tomás fixemos unha empanada de xoubas para o papá.
- Antonte recibimos un paquete urxente para o meu tío.
- Carlos e Uxía mercaron uns pasteis riquísimos á nai de Sara.
- A mestra deu un libro ao rapaz pola mañá.

3. Sinala o atributo das oracións seguintes.

- África é un continente moi exótico.
- Os amigos de meu irmán son limiaos.
- Os seleccionados para o concurso de poesía somos nós.
- A túa nai parece moi simpática.
- O meu pai está moi contento.

4. Como se chaman os verbos das anteriores oracións?

5. Escribe cinco oracións distintas que conteñan o seguinte.

Suxeito + verbo + CI + CCT + CCL + CCI

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

